



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO
DO MASTER UNIVERSITARIO EN TURISMO URBANO E XESTIÓN DE EMPRESAS
TURÍSTICAS**

En Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Dominguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Pola outra, D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), nomeado segundo o Decreto 62/2014, do 28 de maio (DOG de 4 de xuño), actuando en nome e representación da USC en virtude das facultades que lle confire o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a a Axencia Turismo de Galicia, apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación nesta área, por considerar que o turismo é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.



Segundo.- Que o Decreto 245/2011, de 15 de decembro (DOG nº 2 , de 3 de xaneiro de 2012), autoriza a implantación de estudos conducentes aos títulos de master universitario e doutor no sistema universitario de Galicia.

Terceiro.- Que o Master Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas trata de dar resposta á demanda dos actuais titulados universitarios e as súas expectativas de formación nunha área de actividade punteira no desenvolvemento da nosa comunidade Autónoma con grande potencial de crecemento e, como tal, presenta unha oferta versátil que se adapta ao perfil do alumnado actual e futuro.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia, consciente da importancia desta oferta educativa superior e do esforzo, tamén económico, que supón o desenvolvemento con altos niveis de calidade, acorda apoiar mediante axudas directas o desenvolvemento do Master Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas.

Por todo isto, as partes asinantes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a USC para o axeitado desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Master Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas.

Segunda.- Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada e que se realicen dentro do período de vixencia do presente convenio de colaboración. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



O orzamento para levar a cabo as actividades de desenvolvemento do master durante o dito período de vixencia do convenio é de 20.000.-€

Terceira.- Dirección, medios humanos e materiais

A USC poderá contratar ou nomear colaboradores ou persoal técnico e administrativo que o bo funcionamento do proxecto requira, de acordo co establecido nos regulamentos de estudos de posgrao vixentes.

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

No suposto que a USC contrate con terceiros deberá suxeitarse ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarta.- Compromisos das partes para a execución da acción formativa

A USC, ademais do cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a:

- Organizar e dirixir o curso.
- Executar o orzamento de 20.000.-€
- Facilitar á Axencia Turismo de Galicia a relación de estudos e teses doutorais que se realicen por parte dos alumnos do master.
- Entregarlle á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre o master, tanto nos medios de comunicación



como no material informativo e pedagógico que se puidera distribuír (folletos, publicacións de demais documentación).

-Promocionar a marca turística de Galicia en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso.

A Axencia Turismo de Galicia, comprométese a colaborar no desenvolvemento do citado curso mediante a súa achega económica, co obxecto de posibilitar a realización das actuacións conducentes á obtención do master, como unha compensación dos gastos soportados pola USC, sen que exista por parte desta entidade ánimo de lucro.

A Axencia poderá solicitar aqueles estudos ou teses doutorais que considere de interese.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considerase axeitado, por razóns de interese público, colaborar economicamente na celebración do citado master e o carácter único da entidade organizadora deste xustifica a dificultade para promover a súa convocatoria pública segundo dispón o artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En concreto, a achega económica da administración terá como finalidade o financiamento dos gastos de xestión para o desenvolvemento dos estudos de master, a remuneración do profesorado e conferenciantes, a compra de material, promoción, mobilidade de alumnos e profesores, viaxes, aloxamento e manutención.

O orzamento global que se compromete aportar a Axencia Turismo de Galicia, para o master é de vinte mil euros (20.000.-€) con cargo á aplicación 04.A2.761A.744.0 "Convenios con universidades" dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.



Quinta.- Xustificación de fondos e pagamento

1º.- A achega da Axencia Turismo de Galicia (20.000.-€) será librada, previa presentación da xustificación da execución das actividades subvencionadas de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, para o que a USC deberá presentar:

- Unha certificación da intervención ou do órgano da USC que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade dos gastos realizados.
- Informe ou memoria final do responsable do programa sobre as actividades realizadas e os resultados obtidos así como a sobre a acreditación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Declaración da concorrencia con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, en o seu caso, a procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Así mesmo, deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta para facilitar o ingreso da subvención.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do Convenio.

2º.- O prazo para xustificar por parte da USC da aplicación dos fondos percibidos remata o 30 de setembro de 2017. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, a Axencia Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

3º.- A USC deberá acreditar que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, esta acreditación poderá ser substituída por unha declaración responsable.



4º.- Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sexta.- Réxime de obrigas e publicidade do convenio

A USC terá a obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente de administracións públicas, entes públicos ou privados para a mesma finalidade.



Sétima.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado pola universidade e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de setembro de 2017.



Décima.- Réxime xurídico

O convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente expresamente no seu artigo 4, apartado c).

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente convenio, e non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdicción contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa que sexa de aplicación.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais do incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan:

- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.
- Transcurso do tempo de vixencia estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- As causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



En calquera suposto de resolución anticipada, as partes se comprometen a continuara ata a finalización das actividades en curso.

A liquidación das obrigas en caso de resolución anticipada realizarase mediante prorrateo dos custos entre as partes, en función das contías económicas efectivamente xustificada.

Lido polas partes, por si mesmas e como proba de conformidade co expresado no convenio, asínano e rubricado por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Universidade de Santiago de
Compostela

A directora de Turismo de Galicia

O Reitor

María Nava Castro Domínguez

Juan Manuel Viano Rey